

# Normas de participación

## nas actividades do Concello de Soutomaior

Todas as persoas que se inscriban nas actividades organizadas polas Concellería de Cultura deberán de ter en conta as seguintes cláusulas ou normas:

- O número de prazas en todos os cursos e obradoiros é limitado; cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
- Terán preferencia ás persoas empadroadas no Concello de Soutomaior.
- As actividades realizaranse si se cubren un mínimo de prazas/grupo.
- Si non se cubre o mínimo, poderá cancelarse a actividade e, nese caso, devolverase a matrícula ás persoas que xa a pagaran.
- As matrículas non se devolverán unha vez confirmada e iniciada a actividade.
- Consultar bonificacións posibles para as actividades soamente para empadroados/as; estas poden ser:
  - No mesmo grupo familiar o 2º participante terá unha bonificación do 25%, o 3º participante unha bonificación do 50%, o 4º participante unha bonificación do 75% e os quintos e sucesivos membros participantes dun mesmo grupo familiar quedarán exentos da taxa.
  - Cando as persoas inscritas sexan beneficiarias da prestación RISGA quedarán exentas da taxa (PERO quedarán reservadas por curso un número limitado de prazas(3), que se cubrirá por orde de inscrición). O resto das persoas terán que pagar a cota.
- Se a persoa non cumpre os criterios de asistencia establecidos, será dada debaixo automáticamente.
- **Requisitos específicos para os obradoiros de inglés:**
  - É importantísimo que se respeten os horarios de comezo dos obradoiros.
  - Antes de entrar na aula deberán desinfectar as mans e levar máscara.
  - Non se pode traer comida nin bebida ao obradoiro.
  - Catherine entregará persoalmente os nenos a cada seu responsable. Non se deixará marchar ós alumn@s sós.
  - Non poderán compartir materiais e a profesora non poderá deixarlle materiais ós alumn@s, pregase que traían da casa:
    - (Dende os 5 anos ata 4º de primaria): lápiz, goma e cores
    - (5º, 6º de primaria): lápiz, goma, bolígrafo se queren.

O noso horario de atención ao público é de:

LUNS A VENRES: 9:00 a 14:00 Horas. (Verán, ata 14 de Setembro)

MARTES E XOVES: 9:00 a 14:00 Horas

LUNS A VENRES: 16:00 A 20:00 Horas.

Tamén poderán contactar en : Biblioteca "Luis Seoane" de Soutomaior, tlf: 986 700 291;

correo-e: [biblioteca@soutomaior.com](mailto:biblioteca@soutomaior.com)